



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 43 – NOVEMBRO 2008

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo

Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense Tfno.: 988 442 428

Correo Electrónico: [ovica@ovica.org](mailto:ovica@ovica.org)

Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

### XORNADA TÉCNICA DE OVICA

O próximo **16 de decembro de 2008** celebrarase en Lugo, no Pazo de Feiras e Congresos, a **IX Xornada Técnica Ovino e Caprino**, organizada por OVICA. Nesta edición, a Xornada Técnica está centrada no aproveitamento silvopastoril e na posibilidade de acceder a superficies non utilizadas, en moitos casos moi axeitadas para o aproveitamento extensivo polo gando ovino e caprino. O programa é o seguinte:

**10:00 Inauguración das Xornadas**

D<sup>a</sup>. Araceli Pillado Salgado  
Presidenta de OVICA

**10:15 O gando ovino e caprino: aproveitamento  
sostible en brezais-toxais**

Poñente: D. Koldo Osoro Otaduy  
Area de Producción Animal.  
SERIDA (Asturias)

**11:15 Descanso - Café**

**11:30 O Banco de Terras de Galiza (BANTEGAL)**

Poñente: D. Francisco Ónega López  
Xerente do BANTEGAL

**12:30 Aproveitamentos silvopastorais  
nos montes galegos**

Poñentes: D<sup>a</sup> María Rodríguez e D. Xabier Fernández  
Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia

**13:30 Clausura das Xornadas**

Coa presenza de:  
D. Emilio López Pérez  
Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural.  
Xunta de Galicia

**14:00 Xantar**

**Moi importante:** coa finalidade de facilitar e mellorar a organización da Xornada e do xantar, prégase **confirmar asistencia antes do día 12 de decembro** chamando ós seguintes teléfonos:

982 245 142 – 988 442 428 – 687 778 013



### RAZA: CHURRA



O tronco churro ten a súa orixe nos cruces entre os carneiros dos invasores celtas e as ovelas do centro peninsular.

A raza Churra é unha raza autóctona de Castela e León, de aptitude produtiva mixta (leite, carne e la), de gran rusticidade e adaptada ás condicións climáticas e xeográficas da súa zona de distribución, principalmente pola conca do Douro. Representa o 9,5 % do censo ovino español.

O produto estrela é o "lechazo churro", que conta coa "I.X.P. Lechazo de Castilla y León", sacrificados con 10/12 kg de p.v. e 25/30 días. Posteriormente as ovelas entran en ordeño, cunha produción de 150 litros en 150 días, con 5-6 % de MG e 4-5 % de proteína, leite empregado para a elaboración de queixos.

O libro xenealóxico da raza está controlado pola **Asociación nacional de criadores de ganado ovino de raza churra (ANCHE)**, con 145 socios e un censo de 100.000 exemplares dos que 35.000 forman parte do núcleo de selección.

**Mais información:** [www.anche.org](http://www.anche.org)  
[anche@anche.org](mailto:anche@anche.org)

Tfno.: 979 742 520 (Palencia)



# CAIXA RURAL GALEGA

## COMPRA - VENTA

- Como Cabras S.C.G. (Castro Caldelas, Ourense). Tfno.: 659 083 339 – 628 474 264, vende:
  - Cabritos vivos, de poucos días, para criar na casa, 20 €/unidade.
  - Cabritas raza murciano - granadina para recría, 135 €/unidade.
  - Esterco de cabra.
- Véndense 3 comedeiros con tolva, de 1 e 2 metros, a estrenar. Tfno.: 988442428
- Véndese camada de *Border Collie*. Os Carrís – Láncara (Lugo) Tfno.: 981 569 347 (Juan).
- Véndese rolos de herba seca en Calvos de Randín (Ourense) Tfno.: 629 756 129 (Francisco).
- Véndese cachorros de mastín (Vilasantar) Tfno.: 650 420 047 / 630 170 836.
- Véndese 20 ovelas en Maside (Ourense) Tfno.: 608 883 086.
- Regálanse cachorros de mastín en Ordes (A Coruña) Tfno.: 981 689 073 (José Manuel).
- Véndense 12/13 ovelas en Vilariño de Conso. Tfno.: 988 294746 (Julio)
- Véndense cachorros de mastín en Curtis. Tfno.: 690091065
- Véndese rabaño de 160 cabras en Porqueira (Ourense) Tfno.: 661323292
- Véndese explotación de ovino/caprino: 220 ovelas e 4 machos; 130 cabras e 4 machos; 1 mastín e 1 *Border collie*, nave de 1200 m<sup>2</sup>, instalacións, maquinaria e apeiros varios.  
Venta en conxunto ou por separado. Tfno.: 988335701 (Javier)

## II Encuentros sobre o lobo galego

O pasado 8 de novembro celebrouse no CEIDA, en Oleiros (A Coruña), os **II Encuentros sobre o lobo galego**, xornada na que participaron, representando ó sector ovino e caprino galego, un técnico e algún socio de OVICA.

### Semana Verde Silleda 2008

Do 19 ó 23 de novembro celebrouse en Silleda a XXXIª Edición da Semana Verde, na OVICA estivo presente con exemplares de ovino e co stand da asociación. Ademais o sábado 22 a ADSG ACIVO organizou unha Xornada Técnica centrada na enfermidade *Maedi visna*.



## ABORTO EN OVELLAS E CABRAS

Xunto á mortalidade perinatal, o aborto é o suceso que máis frustración provoca ó gandeiro. Considérase normal ata un 2%, un aumento dese número debe chamar a atención e facernos pensar nun axente infeccioso. Se comeza un brote de abortos, haberá que:

- Chamar ó veterinario para que se faga un diagnóstico o antes posible adecuado ás causas.
- Débense eliminar os produtos do aborto, limpar e desinfectar moi ben a zona.
- Separar o animal abortado para diminuír as probabilidades de infección ó resto das nais.

As medidas a tomar para o control e a prevención serían:

- Tentar facer recría da propia explotación, e realizar corentena e análíticas coas compras.
- Manter un bo nivel nutritivo, especialmente no último tercio da xestación e subministrar suplementos minerais, especialmente en zonas de baixa fertilidade do solo ou onde se detectaron carencias nos animais.
- Desparasitar as femias no tercio medio da preñez cun antiparasitario axeitado.
- Non concentrar excesivamente os animais nas naves e manter unha boa ventilación e limpeza.
- Levar rexistros dos sucesos reprodutivos
- Eliminando aquelas femias que non foran capaces de destetar unha cría en 2 anos, chégase a ter un gando de alta fertilidade, algo básico para tentar un traballo de selección con calquera obxectivo que se planee.

## Seguros de recollida e de explotación

OVICA exercerá a actividade de mediador de Seguros Agrarios Combinados como Axente de Seguros Exclusivo para RGA seguros (Aseguradora do Grupo Caixa Rural). OVICA formalizará as pólizas e suplementos e ocuparase da súa liquidación.

Así que, se queres máis información ou tramitar a través de OVICA o seguro de recollida de animais non bovinos mortos na explotación ou o seguro de explotación de gando ovino e caprino, ponte en contacto coa asociación !!!



ADSG **ACIVO**  
Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira  
de ovino e caprino de Galicia

**COVIÇA**  
evolución na calidade